

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1111W9		13-10-17 13:40

Número 99 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas.

Destinatario

15078DCMG1111W9-



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de outubro de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 99 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO ITINERARIO PEONIL SEGURO PARA A INTERCONEXIÓN DE CENTROS NA ESCOLA INFANTIL DE FONTIÑAS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 4 de outubro de 2017, do arquitecto xefe do servizo de Proxectos e Obras, e conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, do seguinte teor literal:

Primeiro. ANTECEDENTES

1.- O Centro de Ensino Infantil e Primario das Fontiñas, en adiante C.E.I.P., está dividido en dous recintos separados por unha franxa de espazo público de propiedade municipal. Nun destes recintos atópase a Escola infantil (3 a 6 anos) e no outro a Escola de Primaria.

2.- Os problemas xurden coa necesidade dos alumnos da Escola Infantil de trasladarse o comedor, que se atopa dentro do recinto da Escola Primaria, atravesando o espazo público co risco que supón o traslado de nenos por un espazo non acoutado e descuberto.

3.- A ANPA Fontela (Asociación de Nais e Pais do C.E.I.P. das Fontiñas) ten solicitado a solución deste problema.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG111W9	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-17 13:40

4.- Sendo o C.E.I.P. e a súa parcela propiedade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o espazo que o divide propiedade do Concello de Santiago, a creación dun itinerario peatonal, cuberto, accesible e seguro dende o Centro de Ensino Infantil ata o Centro de Ensino Primario se comporá de dúas fases, onde a primeira corresponderá o Concello (que actúa en terreo municipal) e a segunda a Consellería (que actúa no interior do recinto do C.E.I.P.).

5.- Na contratación do servizo de asistencia técnica de redacción do proxecto para realizar a obra dun itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas resulta adxudicatario D. Carlos Bóveda Casado, arquitecto Colexiado número 3.323, que presenta o proxecto con data de Rexistro Xeral de Entrada de 18 de agosto de 2.017.

6. Debido á importante pendente existente entre ambas parcelas, se propón a creación dun recorrido accesible entre os dous centros buscando a menor lonxitude posible, cumprindo o disposto na normativa de accesibilidade.

Una rampla salva a distancia entre o espazo público e a plataforma do colexio superior. Una vez xerado o recorrido accesible, se busca acoutar dito recorrido para que non exista conflito entre a circulación dos escolares e a dos viandantes do espazo público. Para isto colócanse un valado con portas practicables para delimitar a entrada no itinerario de persoas alleas o centro o que os escolares poidan extraviarse.

Esta situación posibilita que o pechase as portas o centro disporá dun novo espazo de expansión para os escolares.

A proposta suporá a execución dos seguintes traballos:

- Demolicións. Movemento de terras . Urbanización y Albanilería.
- Excavación e execución da cimentación e da estrutura de formigón, metálica e de madeira.
- Colocación de vidros e carpinterías de aluminio e aceiro.
- Motorización das portas corredeiras.
- Pintura.
- Xardinería.
- Varios (Reposición servizos afectados, limpeza, terminación...)

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111W9	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-17 13:40

7.- Con data 26 de setembro de 2016 a arquitecta municipal D^a M^a Asunción Castañón Blas informa favorablemente o proxecto.

Segundo. FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Enténdese por obras ordinarias de urbanización aquelas que teñen por obxecto ámbitos de dominio e uso públicos previamente urbanizados, ou ámbitos libres en interiores de parcela. O seu fin é o mantemento, mellora ou reforma dos espazos exteriores, as súas instalacións ou equipamento, pero en ningún caso será a execución de planeamento urbanístico ou territorial; para este fin establécese concretamente o proxecto de urbanización (e o plan especial de infraestruturas), que se describe no art.96 da Lei 2/2.016 do Solo de Galicia.

2.- O contido do documento aportado polo técnico redactor cumpre cos mínimos dispostos na lexislación vixente de contratos e na sección 1a do Capítulo VIII do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal (DOGA 204/07 de 20 de outubro).

3. A actuación atópase no ámbito do **Plan Xeral de Ordenación Municipal** do Concello de Santiago de Compostela (Orde da CPTOPT do 3 de outubro de 2.007 e do 1 de setembro de 2.008), Plano 2.L25 e da **Modificación e Adaptación do Plan Parcial de Fontiñas** (aprobación definitiva do 25 de xuño de 1.999).

O planeamento clasifica o ámbito de actuación como Solo Urbano ca categoría de Consolidado. A actuación se desenvolve en zonas destinadas a Sistema Viario e Sistema de Equipamentos Comunitarios Docentes.

A **Lei 2/ 2.016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia** establece na súa Disposición Transitoria 1^a, o Réximen de Aplicación os Municipios con Planeamento Non Adaptado á ela. Así para o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da lei e adaptado á Lei 9/ 2.002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia , conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme á unhas regras. No caso do solo clasificado como Urbano, se aplicará integramente o disposto no planeamento respectivo.

Así, as normas e ordenanzas reguladoras aplicables son as establecidas no planeamento. Se considera que a actuación proxectada se axusta ó disposto no planeamento urbanístico vixente.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG111W9	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-17 13:40

4.- Non se observan afeccións sectoriais que afecten ó ámbito de actuación.

5.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE VIXENTE:

A normativa aplicable á actuación está constituída por:

Orden VIV/561/2010 , de 1 de febreiro, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e no discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados

Lei 10/2.014 de Accesibilidade e **Decreto 35/2.000** polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Se considera que a actuación proxectada cumpre o establecido na normativa aplicable.

Terceiro. INFORME DA ARQUITECTA MUNICIPAL

No seu informe de data 26 de setembro de 2017-10-05 a arquitecta sinala que "a información recollida no documento é suficiente e adecuada, tanto en cantidade como en escala, coa precisión esixible a un proxecto de execución e que permite que as obras poidan ser executadas por técnico competente distinto do autor do proxecto."

Á vista do anterior no informe se sinala que "á vista de canto antecede, infórmase favorablemente o proxecto presentado co obxecto e alcance indicado ao inicio do presente informe."

De conformidade co ata aquí establecido proponse:

APROBAR o proxecto técnico básico e de execución do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas presentado con data 18 de agosto de 2017 (nº de rexistro xeral 37706) elaborado polo arquitecto D. Carlos Bóveda Casado.

ORZAMENTO

FASE I . Concello :

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)	86.780,95 €
O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)	103.269,33 €

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1111W9		13-10-17 13:40

O.B.L. con I.V.E. 124.955,89 €
 (O.B.L. + 21% I.V.E.)

FASE II. Consellería:

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 27.991, 80
€

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 33.310, 24 €
 (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. con I.V.E. 40.305, 39 € (O.B.L. +
 21% I.V.E.)

CONXUNTO DA ACTUACIÓN :

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 114.772, 75 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 136.579,57 €
 (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. con I.V.E. 165.261,28 € (O.B.L. +
 21% I.V.E.)

PRAZO DE EXECUCIÓN

O proxecto prevé un prazo de execución previsto é de **3 meses** para cada fase. **Ambas obras deben executarse simultaneamente.**

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido no RD 3/2011 "Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público" e no RD 1098/2001 "Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas", **non é necesario establecer clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €.**

OBRA COMPLETA

A obra proxectada constitúe unha obra completa, susceptible de entrar en servizo o seu remate. Cada unha das fases que constitúen a obra proxectada constitúen unha obra completa, susceptible de entrar en servizo o seu remate, independentemente da execución de unha sola fase o das dúas, polo que considéranse obras completas no senso estipulado no artigo 86 do RDL 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e no artigo 125 do

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111W9	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-17 13:40

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e así se declara expresamente en cumprimento do esixido polo artigo 127 do Regulamento.

CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN

A efectos da elaboración do correspondente prego de condicións técnicas e administrativas para a adxudicación do contrato de execución das obras, terase en conta que:

Non deberá incluírse como un aspecto a puntuar a efectos da adxudicación da execución das obras unha posible redución do prazo de execución estimado no proxecto, dado que ó tratarse de traballos técnicos con procedementos de execución estándares, onde xa se estima unha capacidade óptima das empresas adxudicatarias para realizalos traballos do xeito mais adecuado dende o punto de vista da eficiencia na relación entre calidade e duración de execución, a alteración deste parámetro só pode aportar tensións e riscos para a correcta execución dos traballos. Ademais, debería establecerse o prazo en días hábiles, para evitar problemáticas de cómputo de prazos cando existen períodos non hábiles por convenio que poden incidir no mesmo.

Canto ás potenciais ofertas de redución do prezo, enténdese que os prezos de execución material recollidos no proxecto están suficientemente axustados á realidade e especificidade das obras previstas, polo que non se considera razoable supoñer que se poidan rebaixar. Así, os únicos conceptos susceptibles de rebaixa, no seu caso, serían os gastos xerais e o beneficio industrial. Tendo isto en conta e supoñendo incluso a posibilidade de que algún prezo dalgún material concreto puidera ser susceptible de rebaixa, enténdese que calquera oferta económica que supoña unha baixa superior ao 15% debería ter a consideración de anormal ou desproporcionada segundo o prego."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

APROBAR o proxecto técnico básico e de execución do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas presentado con data 18 de agosto de 2017 (nº de rexistro xeral 37706) elaborado polo arquitecto D. Carlos Bóveda Casado.

Documento	Expediente	Fecha
CMG1111W9		13-10-17 13:40

ORZAMENTO

FASE I . Concello :

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)

86.780,95 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.)
103.269,33 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. con I.V.E. **124.955,89 €** (O.B.L. + 21% I.V.E.)

FASE II. Consellería:

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)

27.991, 80 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 33.310, 24
€ (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. con I.V.E. **40.305, 39 €** (O.B.L. + 21% I.V.E.)

CONXUNTO DA ACTUACIÓN :

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)

114.772, 75 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 136.579,57 €
(O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. con I.V.E. **165.261,28 €** (O.B.L. + 21% I.V.E.)

PRAZO DE EXECUCIÓN

O proxecto prevé un prazo de execución previsto é de 3 meses para cada fase. Ambas obras deben executarse simultaneamente.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido no RD 3/2011 "Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público" e no RD 1098/2001 "Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas", non é necesario establecer clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111W9	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-17 13:40

OBRA COMPLETA

A obra proxectada constitúe unha obra completa, susceptible de entrar en servizo o seu remate. Cada unha das fases que constitúen a obra proxectada constitúen unha obra completa, susceptible de entrar en servizo o seu remate, independentemente da execución de unha sola fase o das dúas, polo que considéranse obras completas no senso estipulado no artigo 86 do RDL 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e no artigo 125 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e así se declara expresamente en cumprimento do esixido polo artigo 127 do Regulamento.

CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN

A efectos da elaboración do correspondente prego de condicións técnicas e administrativas para a adxudicación do contrato de execución das obras, terase en conta que:

Non deberá incluírse como un aspecto a puntuar a efectos da adxudicación da execución das obras unha posible redución do prazo de execución estimado no proxecto, dado que ó tratarse de traballos técnicos con procedementos de execución estándares, onde xa se estima unha capacidade óptima das empresas adxudicatarias para realizalos traballos do xeito mais adecuado dende o punto de vista da eficiencia na relación entre calidade e duración de execución, a alteración deste parámetro só pode aportar tensións e riscos para a correcta execución dos traballos. Ademais, debería establecerse o prazo en días hábiles, para evitar problemáticas de cómputo de prazos cando existen períodos non hábiles por convenio que poden incidir no mesmo.

Canto ás potenciais ofertas de redución do prezo, enténdese que os prezos de execución material recollidos no proxecto están suficientemente axustados á realidade e especificidade das obras previstas, polo que non se considera razoable supoñer que se poidan rebaixar. Así, os únicos conceptos susceptibles de rebaixa, no seu caso, serían os gastos xerais e o beneficio industrial. Tendo isto en conta e supoñendo incluso a posibilidade de que algún prezo dalgún material

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111W9	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-17 13:40

concreto puidera ser susceptible de rebaixa, enténdese que calquera oferta económica que supoña unha baixa superior ao 15% debería ter a consideración de anormal ou desproporcionada segundo o prego.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

